

OV ORQUESTRA
VIGO
430/430

CICLO DE OUTONO 2021

Música de cine

Homenaxe a Ana Novoa

15 DECEMBRO

Auditorio do Concello 20:00H

Brais González: "Música de Cine"

Directora: Isabel Rubio

Orchestra Sinfónica Vigo 430

PROGRAMA
DE MAN



Música de cine

PRESENTACIÓN

O concerto que pecha o Ciclo de Outono 2021 da Orquestra Vigo 430 é realmente especial na historia do proxecto da Orquestra Vigo 430. Trátase de un programa que foi adiado debido aos efectos derivados da pandemia no seu período máis virulento. Pero, sobre todo, foi un programa que foi fruto do traballo da persoa que homenaxeamos con él: Ana Novoa, quen foi Xerente do proxecto Vigo 430 casi desde a creación do mesmo ata fai so uns meses. A ela adicamoslle este concerto con todo o agarimo e

recoñecemento á súa xenerosidade, entusiasmo e traballo desinteresado durante todos estes anos.

Entrando xa a falar da música que podremos escoitar en este concerto, o compositor vigués e gran especialista en música de cine Brais González, levaráanos a unha travesía de máis de seis décadas, ao longo dos principais expoñentes musicais e cinematográficos da Historia de Hollywood; un singular camiño no que poderemos comprobar de primeira man cómo a música composta para a imaxe foise desenvolvendo co paso dos anos e como a música de concerto foi unha constante fonte de inspiración para os creadores de Bandas Sonoras.

A través deste percorrido poderemos descubrir as sonoridades da Idade de Ouro do cinema americano e as contribucións que moitos autores europeos fixeron ás creacións cinematográficas americanas. Tamén cómo o cinema de animación dixital converteuse, non só nun xénero fílmico con voz propia, senón que desenvolveu unha linguaxe musical específica con características moi particulares. Por último, daranos tempo a sobrecolarnos coas reminiscencias wagnerianas do cinema épico e de acción destas últimas dúas décadas que levan as forzas orquestrais ao límite.

PROGRAMA

BRAIS GONZÁLEZ

Música de cine cinco suites temáticas

O cine mudo

A época dourada:
catro décadas de cine

Maxia e Animación

Ciencia e Ficción

Greatest hits

ISABEL RUBIO

(Directora)

Brais González



O compositor e pianista vigués Brais González estudou na Universidade Mozarteum de Salzburgo e nos conservatorios de Vigo e Oviedo. Actuou como solista e músico de

cámara nunha vintena de países europeos. Como compositor, as súas obras foron interpretadas en importantes escenarios do continente, como o Auditorio de Galicia, o Conde Duque (Madrid), o KUMU (Estonia), o Baltais Fligelis (Letonia) ou a Galeria Flux (Hungría). Os seus traballos discográficos en solitario afondan na súa exploración da linguaxe e composicións clásicas coas músicas improvisadas e de raíz. É fundador de Caspervek Trio, unha das bandas europeas de referencia na musicalización de cine mudo en directo. Na súa labor fóra do eido da música académica, participou como arranxista e produtor do álbum do cantante folk Nelson Quinteiro "Músicas de Domingo", na composición e produción da música incidental para obra teatral "Pyka" do Colectivo Cinemastocado e na composición e deseño musical da multi-premiada curtametraxe de Diego R. Aballe "Canibalismo". En 2021 ven de publicar co selo IBS unha escolma de sonatas do barroco italiano xunto ao violinista Roberto Alonso.

Dende o ano 2014 codirixe e produce o podcast de musicoloxía e divulgación musical "Anónimo IV" xunto á investigadora Erea Carbajales. É cofundador do proxecto "Bórea", unha iniciativa con base en Suiza que busca explorar as relacións entre a música de cámara e as novas tecnoloxías dixitais.

Isabel Rubio

Directora



Actualmente Directora Asociada da Orquestra Vigo 430 e a Joven Orquesta Sinfónica

de Granada, Isabel Rubio foi Directora Asistente da Orquestra de Valencia na tempada 2018/19 e asistente de Lucas Macías na Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) 2021. Tamén dirixiu a Orquesta Federal de la Comunidad Valenciana, a Joven Orquesta de Castelló, a Orquestra de Cámara Sine Tempore e as Bandas Municipais de Madrid, Bilbao, Alacante, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vitoria. Exerceu como Directora Titular das Bandas de San Pedro del Pinatar e Santomera en Murcia, e a Banda de Lalín en Pontevedra. Foi membro da Brussels Philharmonic Orchestra, a Chapelle Musicale de Tournai en Bélxica, e da Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia. Foi gañadora do I Concurso de Dirección de Orquestra en Alacante, do I Concurso Internacional de Dirección Ciudad de Villena así como gañadora dos I Encuentros sobre Dirección Orquestral en Bilbao. Así mesmo, foi galardoada con Mención de Honra e co Primeiro Premio do VI e X Concurso de Música Entre Cordas e Metais en Cartaxena. No ámbito internacional, foi seleccionada en diversos concursos de dirección en Francia (Besançon), Portugal, Alemaña, Holanda e Italia, onde resultou semifinalista do XI Concurso Internacional Premio "Guido Cantelli". Dirixe en festivais de alto prestixio como o Festival Internacional da Semana de Música Relixiosa de Cuenca, os Encuentros de Composición da Orquestra de

Valencia, o Ourearte Music Fest en Portugal, o Concurso Internacional de Violín CullerArts e o Festival Internacional de Música de Cinema de Málaga. Entre os seus próximos compromisos destacan ser convidada á Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, a Orquestra de Cambra Illa de Menorca, a Oviedo Filharmonía e á Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia.

EQUIPO DA ORQUESTRA




Director-xerente

Javier Escobar


Administración e xestión

María Alonso

Patrocinan:



VIGO
MUSICA
.COM



Anxo Cabreira Luthier

Co soporte de:

Universidade de Vigo

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Colaboran:

CSMV
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO

